

Bidé	80,66	Bidé	79,88
Inodoro	80,66	Inodoro	79,88
Baño compl.	335,51	Baño compl.	332,28
28 m3 construción escaleira	40,33	m3 construción escaleira	39,94
29 m2.Apertura de oco	6,72	m2.Apertura de oco	6,65
<i>Varios:</i>		<i>Varios:</i>	
30 m2 Toldo	67,21	m2 Toldo	66,56
31 marquesiña	201,64	marquesiña	199,7
32 Cala	33,61	Cala	33,29
33 ud.entrada de carruaxes	20,16	ud.entrada de carruaxes	19,96
34 m2 rótulo opaco saínte	302,48	m2 rótulo opaco saínte	299,57
35 m2 rótulo opaco adosado	235,24	m2 rótulo opaco adosado	232,97
36	403,3	m2 rótulo luminoso saínte	399,41
37	369,69	m2 rótulo luminoso adosado	366,13
38 m2 Carteleira publicitaria	30,25	m2 Carteleira publicitaria	29,96
39 ud.instalación grúa	672,16	ud.instalación grúa	665,68
<i>Módulos de Construcción:</i>		<i>Módulos de Construcción:</i>	
40 m2 de vivenda unifam.rural	665,44	m2 de vivenda unifam.rural	659,03
41 m2 chalé	727,04	m2 chalé	720,03
42 m2 edificio de vivendas de PO	605,05	m2 edificio de vivendas de PO	599,21
43 m2 edificio vivendas libres	605,05	m2 edificio vivendas libres	599,21
44 m2 de nave industrial	234,86	m2 de nave industrial	232,59
45 m2 Obras de reforma	212,49	m2 Obras de reforma	210,44
46 m2 sótos e locais comerciais	605,05	m2 sótos e locais comerciais	238,13
<i>PECHES (altura 1,80 m)</i>		<i>PECHES (altura 1,80 m)</i>	
47 m.de aramado con postes	23,53	m.de aramado con postes	23,3
48 m.de bloques de formigón	23,49	m.de bloques de formigón	23,26
49 m.de pedra	100,65	m.de pedra	99,68
<i>Muro Contención</i>		<i>Muro Contención</i>	
50 m2 muro contención	167,76	m2 muro contención	166,14
<i>Cuarto de baño</i>		<i>Cuarto de baño</i>	
51 m2 construcc.cuarto de baño	665,44	m2 construcc.cuarto de baño	659,03
<i>Galpóns</i>		<i>Galpóns</i>	
52 m2 construcc.galpón	106,25	m2 construcc.galpón	105,23
53 m2 demolición de muros	53,77	m2 demolición de muros	53,25

Taxa utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servicios telefonía móbil

Art.6 Tipo gravame e cuota tributaria.

TB é a tarifa básica/ano que se eleva a ... €/ano
TB é a tarifa básica/ano que se eleva a 110.000 €/ano.

O artigo 8 non coincide co aprobado polo pleno que é o seguinte:

“Artigo 8. Xestión da taxa.

1. Establécese o réxime de autoliquidación para a xestión desta taxa.
2. Antes do 30 de xullo seguinte á finalización de cada exercicio económico, o suxeito pasivo deberá formular unha autoliquidación de-

finitiva co coeficiente específico xa calculado con datos definitivos. O ingreso realizarase nese mesmo prazo.

3. Aos efectos do cálculo do coeficiente específico atribuíble a cada operador, os suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza terán que acompañar a autoliquidación definitiva unha declaración acreditativa do número de usuarios para os que o suxeito pasivo opera no termo municipal, incluíndo tanto os servizos postpago como os prepago.

A falta de presentación desta información en tempo e forma, habilita ao Concello a utilizar os datos de cota total do mercado recollidos no último informe anual publicado pola Comisión del Mercado de Telecomunicaciones, desagregado para o Concello se constase nel, ou os agregados para a comunidade autónoma de Galicia ou polo conxunto nacional total, no seu defecto.”

Omisións:

B.O.P. 26.12.07

Taxa por retirada de vehículos

Camións articulados e outros vehículos ... 271,33

Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais da vía pública

Publicáronse as tarifas completas, omitíndose texto, polo que se publica agora o texto completo:

Artigo 1. Disposición xeral

Ao amparo do disposto nos artigos 20 a 27 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, establécese a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo constituído nas vías públicas municipais.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa o uso común especial normal e máis o uso privativo do solo, voo e subsolo da vía pública.

Os usos e aproveitamentos da vía pública sobre os que recaen as taxas reguladas por esta ordenanza son os que a continuación se expresan.

1. Instalacións de quioscos na vía pública.
2. Ocupación do voo de toda clase de vías públicas municipais con elementos constructivos pechados, terrazas, miradoiros, balcóns, marquesiñas, toldos, paramentos e outras instalacións semellantes voos sobre a vía pública ou que sobresaian da liña da fachada.
3. Entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamentos exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.